

NOTA DE PRENSA

CONFAPA GALICIA esixe á Consellería de Educación da Xunta de Galicia información sobre as medidas que se van a adoptar respecto dos resultados da Avaliación Final de Primaria.

CONFAPA esixe información ao Sr. Conselleiro de Educación sobre o resultado das consultas realizadas polo MECD ás Comunidades Autónomas nas que se estableceron os criterios de avaliación e as características xerais das probas para todo o sistema educativo español co obxectivo de asegurar criterios de avaliación comúns.

CONFAPA xa realizou unha campaña en contra da Proba de Terceiro de Primaria por ter serias dúbidas sobre o seu obxectivo real e adopta a mesma posición respecto de a Avaliación Final Primaria, xa que o modo no que pretende levarse a cabo non serve para realizar unha análise seria e rigoroso das necesidades do sistema educativo nin do alumnado ao que pretende avaliar.

O MECD e a Consellería de Educación da Xunta, co argumento de comprobar o grado de adquisición de competencias, e de de medir a calidade do sistema educativo, impón a través da LOMCE a realización por parte do alumnado dunha proba externa que pode ter consecuencias perjudiciais para o alumnado cuxos resultados non resulten satisfactorios segundo os criterios acordados, e que ademais poden ser distintos segundo a titularidad do centro no que se atope escolarizado.

O MECD emitiu unha nota de prensa na que trasladaba información da que CONFAPA ten serias dúbidas respecto de as consecuencias que terá a non superación satisfactoria da Avaliación Final de Primaria, xa que asegura que non condicionará o paso do alumno ou alumna á Educación Secundaria obligatoria, cando a LOMCE recolle claramente que "O alumno ou alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que logrou os obxectivos e alcanzou o grado de adquisición das competencias correspondentes. Atenderase especialmente aos resultados da avaliación individualizada ao finalizar o terceiro curso de Educación Primaria e de final de Educación Primaria".

CONFAPA ten claro que esta proba non beneficiará en nada aos nosos fillos e fillas, nin aos centros, e en cambio supoñerá unha situación que altera o normal

desenvolvemento da vida do centro xa que se dedicará tempo e recursos na súa preparación, en detrimento doutras actividades formativas.

A LOMCE impón a realización desta proba, cuxos resultados poderían servir para tomar decisións sobre a educación dos nosos fillos e fillas, indicando dunha forma pouco clara que “de resultar desfavorable esta avaliación, o equipo docente deberá adoptar as medidas ordinarias ou extraordinarias máis adecuadas”.

CONFAPA GALICIA, a través das súas federacións provinciais, inicia unha campaña para esixir ás autoridades educativas que informen sobre o funcionamento da Avaliación Final de Primaria.

En concreto, tal e como xa se solicitou ao Sr. Conselleiro de Educación da Xunta de Galicia esta mesma mañán a través do Rexistro Xeral da Xunta, sobre os seguintes aspectos:

Ser informada por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia sobre as seguintes cuestións relacionadas coa realización da Avaliación Final de Primaria:

-Coñecer se esta Consellería de Educación ten previsto realizar probas de diagnóstico.

-Coñecer se esta Consellería de Educación presentou recurso Contencioso Administrativo, Recurso ante o Tribunal Supremo ou outro tipo de actuación destiñada á paralización da Avaliación Final de Primaria.

-Coñecer os criterios de avaliación e as características xerais que se van aplicar segundo os acordos derivados da consulta realizada ao Goberno de Galicia.

-Coñecer o procedemento mediante o que os centros educativos informarán á nai, pai, titor/a legal do alumnado que está exento da realización das probas.

-Coñecer as instrucións que enviou a Consellería de Educación relativa ás medidas que deberán adoptar os centros segundo a súa titularidade nos casos nos que os resultados sexan inferiores aos establecidos nos criterios e avaliación.

-Coñecer as instrucións dadas aos centros sobre espazos, medios e recursos que estes poden utilizar para a preparación de dita proba, así como as asignaturas que poden verse afectadas.

-Coñecer as pautas dadas para que os centros que pidan información de contexto e de recursos a través de cuestionarios a cumprimentar por parte das familias mediante os que van obter información relativa ó nivel de estudos e situación laboral dos pais e recursos do fogar, as realicen cumprindo a LOPD e a súa realización garanta o anonimato.

-Coñecer as medidas que poden ser adoptadas polos centros educativos, derivadas da consulta realizada polo Goberno da Comunidade Autónoma referidas ó alumnado no caso de que a Avaliación Final de Educación Primaria dun alumno ou alumna resulte desfavorable segundo os parámetros de corrección da mesma, sendo que a LOMCE establece, no seu artigo 20.2 que

“O alumno ou alumna accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que conqeuíu os obxectivos e acadou o grao de adquisición das competencias correspondentes. Atenderase especialmente ós resultados da avaliación individualizada ao rematar o terceiro curso de Educación Primaria e de final de Educación Primaria”.

3

-Coñecer as medidas ordinarias ou extraordinarias acordadas derivadas da consulta realizada polo Goberno do Estado ás Comunidades Autónomas, que o “Marco Xeral de Avaliación Final de Educación Primaria” aconsella tomar aos equipos docentes respecto do alumnado cuxos resultados non foran cualificados de satisfactorios.

-Coñecer as medidas que poden ser adoptadas polos centros educativos, derivadas da consulta realizada polo Goberno ás Comunidades Autónomas, referidas ó profesorado no caso de que a avaliación do grupo de alumnos/as de sexto de Educación Primaria resultase maioritariamente desfavorable segundo os parámetros de corrección da mesma.

-Coñecer as medidas acordadas derivadas da consulta realizada polo Goberno ás Comunidades Autónomas sobre a forma na que afectará ó expediente dun alumno ou alumna no caso de que a Avaliación Final de Educación Primaria resulte desfavorable segundo os parámetros de corrección da mesma.

Confederación Galega de Asociacións de Nais e Pais do Alumnado de Centros Públicos
CONFAPA GALICIA

(Fundada en 1987 polas Federacións Provinciais de ANPAs de Centros Públicos de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra)

Integrada na Confederación Española de Asociaciones de Madres y Padres del Alumnado, (CEAPA)

Integrada na Confédération Européenne des Parents de l'École Publique, (CEPEP)

Rúa Orzán, 21. 15003 A Coruña Tlf. 981202002 - Fáx. 981201962

Correo-e: confapagalicia@confapagalicia.org

CIF: G-15115165

-Coñecer as medidas acordadas derivadas da consulta realizada polo Goberno ás Comunidades Autónomas respecto ás medidas ordinarias ou extraordinarias ou “outras medidas” que poden adoptarse respecto ó alumnado que non supere de xeito satisfactorio a Avaliación Final de Primaria, tal como recolle o punto 4 do artigo 12 do Real Decreto 126/2014 do 28 de febreiro.

-Coñecer os procedementos implantados por parte da Consellería de Educación destinaídos a garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva que valore a súa adicación, esforzo e rendemento segundo recolle o artigo 12 do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, sendo que ista vai ser realizada por docentes doutro centro.

-Coñecer a difusión que vai realizar a Consellería de Educación cos resultados da Avaliación Final de Primaria.

É solicitude cuxa resposta da mencionada autoridade da Consellería de Educación da Xunta de Galicia desexo recibir no prazo de 10 días antes da realización da proba na nosa Comunidade Autónoma, de xeito tal que me permita informar ao movemento de nais e pais do alumnado da Escola Pública ó que represento e, se fora o caso, tomar as medidas oportunas que da resposta, ou da ausencia da mesma, poideran derivarse.

4

Atentamente,

En A Coruña a 11 de febreiro de 2016.

Helena Gómez Vecino.
Presidenta de CONFAPA-GALICIA.